



FIESTAS PATRONALES DE RIBADEO



COMISIÓN

Juan Luis López Vivas,

«Organizar as festas patronais é un reto, hai moito traballo e, nalgúns momentos, a contrarreloxo»



Organizar unhas festas é un traballo altruista e, moitas veces, non ten todo o recoñecemento que merece. Juan Luis López Vivas, presidente da comisión de festas, ten claro que o traballo «é máis doado cando compartes comisión con amigos e compañeiros». Decidiu dar un paso á fronte e ser presidente «polo amor a Ribadeo e polo orgullo de poder facer todo isto para os veciños e veciñas». «Organizar as festas patronais case se pode dicir que é un reto, hai moito traballo e, nalgúns momentos, a contrarreloxo», engade.

López Vivas confesa tamén que durante a preparación dos festexos «houbo momentos nos que levamos algún desgusto máis, grazas ao labor de todos os membros da comisión, pasadas as festas eses momento de seguro que se converten en satisfacción».

Canto ás novidades deste 2023, o presidente da comisión indica que «intentamos seguir a mesma liña dos anos anteriores, sempre tratando de facer unhas festas que sexan para todas as idades». Nesa mesma liña de inclusión, «unha das

novidades máis salientables será o Día dos Maiores, no que visitaremos o centro de día e a residencia». Por outra banda, os tradicionais fogos artificiais do 7 serán, de novo, no peirao.

Se hai algo que chama a atención no programa é a introdución no mesmo do Xara Fest, o festival de música underground que se celebra no Cantón dos Moreno o día 2 de setembro: «foi unha grata sorpresa para nós, xa que todo o que sexa que a xente nova se involucre facendo un festival deste estilo e, ademais, querer metelo na programación das festas é un orgullo e un pracer. Estámoslles moi agradecidos e seguramente teña unha grande afluencia de público».

A presenza do deporte nestas festas é tamén moi importante, neste sentido, López Vivas, destaca que «unha das primeiras cousas que estiveron sobre a mesa foi a de que se puideran tocar gran parte dos deportes que hai na nosa vila. Un dos principais eventos foi a volta do Breogán a Ribadeo, recuperando o Trofeo Festas Patronais de baloncesto».

Triarte
ARTES GRÁFICAS

gráficas  ribadeo
pedidos@graficasribadeo.com
Tif. 982 130 052

gráficas  vegadeo
graficasvegadeo@gmail.com
Tif. 985 476 462

DISEÑO | IMPRENTA | SERIGRAFÍA | ROTULACIÓN | TOLDOS LED

Anais

Moda para
Mujeres reales

Tallas de la **38** a la **56**

www.anaishop.com

A HORTA DE SAN ROQUE E CERVEZAS ALHAMBRA
DESEXAN FELICES FESTAS A CLIENTES E AMIGOS

 C/San Roque 44 - RIBADEO  604 080 569  ahortadesanroque@gmail.com



DANIEL VEGA

Alcalde de Ribadeo: «Os meus primeiros recordos das patronais son os fogos do 7»

Para Dani Vega —novo alcalde de Ribadeo tras os comicios municipais celebrados en maio— serán as súas primeiras festas patronais como rexedor municipal: «Vou vivilas máis ou menos igual, aínda que obviamente terei un papel máis institucional. Xa en anos pasados acudín como deputado e portavoz do grupo popular, agora a miña función será a de presidir os actos aos que acuda e sempre entendendo que nos festexos ten o protagonismo a comisión de festas», admite.

Ao falar das patronais de Ribadeo, a Dani Vega a primeira lembranza que lle vén á cabeza «é ir con meus pais ver os fogos de artificio o 7 de setembro. Ese é o recordo que teño de neno. Xa de mozo, cando comezaba a saír, gardo moitas lembranzas dos momentos compartidos cos amigos».

Ano tras ano Ribadeo consolídase como un referente turístico para a comarca. Para Vega «Ribadeo lidera o turismo na Mariña, desde o noso monumento natural das Catedrais ata as rutas de sendeirismo, pasando polas visitas teatralizadas ou guiadas que estamos a facer». «Quédanos moito por traballar, pero os datos din que somos líderes absolutos na comarca e un dos referentes turísticos non só en Galicia, senón dentro do mapa español. Pola oficina de turismo pasaron 1.600 personas máis que no pasado ano. Canto á ocupación hoteleira, foi do 98%, 3 puntos por riba das cifras que nos ofrecían os últimos datos», engade.

Mais Ribadeo non só son as patronais, pois o verán estivo



cheo de festas: o Indiano, os novos festivais de música, as festas nas parroquias... «Ribadeo é indiano, todo xira sobre esa arquitectura e esa cultura e témolo que conservar como o gran legado que nos deixaron. Ora ben, o concello ten unha oferta cultural xa moi marcada e cada vez máis xente terá as datas moi presentes no calendario», indica o alcalde, quen se amosa orgulloso dos novos festivais presentes na vila: «O Xara Fest, o Vendaval Fest e o Pancha Fest son tres festivais moi potentes. De nova creación tamén é a Festa da Ría. Outro referente é o Percebe de Rinlo, que este ano contou co servizo do Percebús —ao que se sumou o Xirabús—, iniciativas para traballar nun turismo seguro e sostible». Seguindo coas festas das parroquias, «todo este período vacacional e de turismo arranca en Arante, na festa das Cruces, unha Festa de Interese Turístico de Galicia que conta cunha planificación moi seria: o acto litúrxico do bandeado dos pendóns, a recreación da batalla das Cruces e un cartel de música folk moi importante dentro da escena galega». En definitiva, «Ribadeo conta cunha impresionante oferta cultural, un calendario guiado de festas e eventos e un turismo moi ben planificado: o turismo natural, o rural, o gastronómico, ademais de todos os seus puntos de referencia: As Catedrais, Santa Cruz, a Atalaia, a ría. A isto súmase a gran oferta hostaleira que temos en Ribadeo», explica Vega.

«Quero felicitar as festas da patroa a todos os veciños e veciñas, que goceades destas datas na compañía de familia e amigos», conclúe Dani Vega.

Felices festas a toda a veciñanza e a todas e todos os que nos acompañades

*8 de setembro
Bo día da patroa!*



RIBADEO



PROGRAMACIÓN FESTAS PATRONAIS 2023

O programa das festas patronais botou a andar o día 1 de setembro coa lectura do pregón por parte do que fora alcalde da localidade, José Carlos Rodríguez Andina. Un acto presentado polo xornalista Fabián Pérez Rego e que tamén contou coa actuación da Coral Polifónica de Ribadeo. O Día do Pregón deu paso á celebración, o sábado 2 de setembro, do Aberto de Billarda "Festas Patronais" e á primeira edición dun dos novos festivais que xurdiron este ano, o Xara Fest, que se insire no marco da programación destes festexos. C Mirazo, Ergo Pro & Ill Pekeño, Boyanka Kostova e Selecta fixeron vibrar no Cantón dos Moreno aos amantes da música máis underground. O domingo

celebrouse o Día da Bicicleta cunha ruta que partía desde o consistorio ribadense ata o faro da Illa Pancha para regresar ao punto de partida. Así mesmo, houbo sesión vermú coa charanga BCB e, xa á noite, tivo lugar o musical Camiñantes e Cantantes, onde actuaron a orquestra La Ocaband e artistas como Pepo Suevos, Pili Pampín ou Laura Añón. Ás 20 h do luns, día 4, a Orquestra de Camarote ofreceu un concerto tamén no Cantón. O martes foi o Día dos Maiores, achegando as festas aos usuarios do hospital asilo e do centro de día con actividades como a visita dos cabezudos acompañados de gaitas e chocolatada.

Mércores 6

O mércores será o Día do Neno, unha xornada con Divermeno onde os máis pequenos poderán gozar da Festa da Espuma e dos inchables instalados no Cantón. No caso de que o tempo non acompañe, estas actividades celebraranse no pavillón polideportivo. Ás 20:30 h, haberá unha batucada a cargo da Choca e, á noite, verbena co Grupo Bomba e a orquestra Assia.

Xoves 7

Ás 11 h do xoves 7, as bombas de palenque anunciarán o día da véspera da patroa. A continuación terá lugar a tradicional saída dos cocos e dos cabezudos, que estarán acompañados dun grupo de gaitas. Ás 14 h, a orquestra Magos amenizará a sesión vermú no Cantón. Pola tarde, Os Festicultores Troupe encherán de música e animación as rúas ribadenses co seu pasarrúas. Na verbena repetirá a orquestra Magos xunto a Marbella. Ás doce da noite será a quenda para os xa clásicos fogos de artificio do 7, que volverán ao peirao.


Venres 8

O día da patroa arrancará tamén coas bombas de palenque e, ás 12 h, celebrarase a misa solemne cantada pola Coral Polifónica. A Banda de Música Municipal acompañará a procesión e, a continuación, ofrecerá tamén un concerto diante da Casa do Concello. A música da sesión vermú correrá a cargo da orquestra Los Españoles. Ás 20:30 terá lugar un dos pratos fortes musicais deste ano, a actuación de Magic Queen, un dos mellores tributos da banda británica. Á noite, haberá verbena coas orquestras Los Españoles, Claxxon e a discoteca móbil Level Show.

Sábado 9

O sábado 9 o Trío Zafiro amenizará a sesión vermú no Cantón dos Moreno e a orquestra Ritmo Bakano e a discoteca móbil Level Show animarán a verbena.

O domingo, día 10, as festas chegarán á súa fin coa disputa do Trofeo Festas Patronais entre o Ribadeo FC e a SDC Residencia no Pepe Barrera. Unha xornada na que haberá descontos nas atraccións durante a tarde.



RIBADEO × NATURAL

A Reserva da Biosfera “Río Eo, Oscos y Tierras de Burón”; os dous espazos enmarcados na Rede Natura 2000, o LIC Ría de Ribadeo e o LIC As Catedrais; a Zona de Especial Protección de Aves (ZEPA) e Zona Húmida Protexida, a Ría de Ribadeo; e o Monumento Natural Praias das Catedrais fan do concello de Ribadeo un lugar onde gozar da natureza e desconectar da rutina diaria.



As Catedrais


O seu topónimo orixinal, Praia de Augasantas, fai referencia, probablemente, e segundo a crenza da veciñanza, á antiga presenza dun manancial de augas medicinais con propiedades milagrosas. Hoxe é popularmente coñecida como praia das Catedrais, pois as súas formacións rochosas lembran os arcos das magníficas catedrais góticas, convertendo este enclave na meca cantábrica do gótico natural e nun dos areais máis bonitos do mundo.

Ría de Ribadeo

A Ría de Ribadeo é unha das postais máis identificativas da vila e é límite natural entre as comunidades de Asturias e Galicia. Este espazo de gran beleza permite gozar da natureza e da súa diversidade biolóxica —especialmente ornitolóxica—, ademais de ser un lugar propicio para a práctica de deportes náuticos. Os aproveitamentos da ría foron ao longo da historia e son na actualidade infinitos, xa que nela desenvólvense todo tipo de actividades de pesca, marisqueo; actividades vencelladas ao comercio marítimo; actividades náuticas, de ocio e recreo... así como unha morea de posibilidades que fan aínda máis importante este espazo natural.

Costa e praias

As praias de Ribadeo, xunto coa súa costa, son uns dos principais atractivos do municipio. Cada unha delas ten a súa personalidade: as Catedrais é a máis coñecida, Esteiro e Illas as máis familiares, Os Castros a máis ampla e surfeira e Rochas Brancas, a máis abrigada. Na costa desenvolveronse formacións xeomorfolóxicas dunha extraordinaria beleza. Desde a Illa Pancha, no leste; ata o límite co municipio de Barreiros, no oeste; o litoral ribadense contítuese nunha infinidade de entrantes e saíntes.



Rutas

En Ribadeo tamén se pode gozar de roteiros culturais como a Ruta dos Indianos, a Ruta da Pegada Relixiosa ou a Ruta do Ribadeo Antigo; e naturais como a das Praias, a dos Miradoiros, a dos Montes, a da Costa, ou a Senda Azul, que vai desde o faro da Illa Pancha ata os muíños das Aceas bordeando a nosa ría.

OCIO NA RÍA

É o propio escudo de Ribadeo o que nos lembra que é na ría onde se garda a chave que abre a porta de Galicia, unha chave de ouro achada no mar. A ría de Ribadeo é un estreito brazo de mar duns 10 quilómetros punteado polas barcas de vela latina que sucun a desembocadura do Eo.

4 ACTIVIDADES NA RÍA

Entre as moitas propostas de lecer que nos ofrece a ría, destacamos catro actividades:



Paseos en barco

Os barcos turísticos permítenos percorrer a ría e as localidades veciñas das Figueiras ou Castropol —e o faro da Illa Pancha— disfrutando dunha maneira diferente deste enclave natural. Ademais, coas excursión didácticas, poderás coñecer todos os secretos e tesouros da ría, onde se irán explicando os elementos paisaxísticos máis destacables da contorna.



Alugueiro de embarcacións

Aluga unha embarcación sen necesidade de titulación para percorrer os maravillosos recunchos da ría de Ribadeo, para fondear e bañarte nas súas augas ou para pasar un día de pesca.



Motos de auga

Se o prefires, podes optar polo alugueiro dunha moto de auga para que vivas o mar como nunca antes o fixeras. Desde a ruta dos Pescadores, dunha hora de duración, a mar aberto, desde a costa de Ribadeo ata Tapia; á ruta do faro da Illa Pancha, ao que chegarás en media hora. Porén, a opción máis demandada é a ruta que nos leva ata As Catedrais.



Buceo

Poderás realizar desde bautizos, onde tomarás contacto co deporte do buceo cunhas noición básicas e aprenderás a respectar o ecosistema mariño; ata cursos oficiais que posúen acreditación internacional.

RESTAURANTE MARINERO

MARINERO
RIBADEO

www.marineroribadeo.com

982 128 504

NUEVOAGAMAR

PASEOS EN
BARCO POR
La Ría

www.nuevoagamar.com

609 24 61 32

CISBAR
INMOBILIARIA

¡CONTACTA AHORA
CON NOSOTROS!

661 895 698
674 616 738

ENCUÉTRANOS
TAMBIÉN EN:

www.cisbar.es
info@cisbar.com



ACISA

**Carmen Cruzado,
presidenta de Acisa:**

«Foi un verán de récord en Ribadeo»

• **Que significa para vostede Acisa, primeiro como asociada e máis tarde como presidenta...**

Acisa é un colectivo moi activo, que a piques está de cumprir 35 anos. Detrás de todo ese tempo hai o traballo e a dedicación altruísta de moitas persoas, das que formaron parte das diferentes directivas, que foron dando pasos e conseguindo que Ribadeo, o seu comercio, a súa hostalería e os seus servizos, sexan un referente en toda a nosa contorna, tanto na Mariña como no Occidente asturiano, tanto en Galicia como en Asturias. Por iso tiven claro desde o principio que sería unha asociada máis e aquí levo 15 anos. É un orgullo como asociada e como presidenta, a primeira muller que ocupa este cargo en Acisa, que sexamos o espello no que moitas outras asociacións se queren ver reflectidas.

• **Asumiu a presidencia o ano pasado, como valora este tempo ao cargo da patronal?**

A directiva que presido leva preto de 14 meses á fronte de Acisa. Chegamos tras o desastre ocasionado pola pandemia da covid con moita ilusión e con moitas ganas e seguimos ilusionados e con máis ganas. Puidemos recuperar a Festa do Comercio no Nadal, organizamos unhas xornadas gastronómicas nas que, por primeira vez, os hostaleiros participantes recibiron de xeito gratuíto o produto ofertado, houbo xornadas informativas sobre ciberseguridade, as tradicionais campañas pensadas para o comercio, o Rasca e Gaña... por poñer só uns cantos exemplos, ademais de entregar material gratuíto como envases, bolsas, vasos, etc, ás nosas asociadas e asociados. Moitas destas iniciativas foron posibles grazas á axuda das administracións públicas: o Concello de Ribadeo, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, coas que agardamos poder seguir contando ao longo dos vindeiros meses.

Esta directiva marcouse como obxectivo incrementar o número de asociados e niso estamos. Levamos tramitadas desde que chegamos arredor de 20 altas. E agora tras o remate do verán volveremos coa nosa campaña de captación. A unión fai a forza e cantos mais sexamos en Acisa mais cousas poderemos facer e conseguir.

• **Unha das máis recentes campañas foi a do Mercado de Rúa. Como funcionou?**

É unha campaña que Acisa leva anos facendo e que adoita funcionar ben. Trátase de animar as últimas semanas das rebaixas de verán aproveitando o grande tirón que ten Ribadeo durante esta época do ano.

A dinamización do comercio en Ribadeo é un referente na comarca desde hai anos con iniciativas como a da Pancha, a moeda local. Como valora todo este traballo?

Todo o que se faga desde a administración máis próxima, como é o caso do Concello, para contribuír á dinamización do comercio é moi positivo. A Pancha tivo unha grande acollida desde o primeiro momento, chegou nas denominadas tempadas baixas, e axudou ás familias á afrontar por exemplo a volta ao cole ou á compra dos agasallos de Nadal. A xente de Ribadeo e a de fóra de aquí está pendente desta moeda local, xa que dinamiza os negocios, fomenta as compras e iso é moi importante para a nosa economía.

• **Que balance fai da tempada de verán?**

O de 2023 foi un verán de récord en Ribadeo, en canto a número de visitantes e a pernoitas. Estes días atrás o INE

deu a coñecer os datos de xullo e son moi positivos porque se superaron as cifras de 2019, o ano antes da pandemia, e porque seguimos medrando tanto en Ribadeo como na comarca da Mariña. E no caso de Ribadeo con outro dato moi importante, xa que seis de cada dez estranxeiros que durmiron na comarca elixiron Ribadeo. Franceses, alemáns, italianos, suízos, ingleses... cada vez son máis os que nos visitan.

A ocupación hoteleira en agosto situouse entre o 95 e o 100% en Ribadeo. Os primeiros 20 días foron brutais. E todo indica que iremos a máis, porque as temperaturas acompañan para ir á praia e para pasear, acompañan para durmir, acompañan para disfrutar das terrazas... O tempo este verán foi espectacular e por enriba de todo no norte seguimos a ser o oasis da península. Cada vez recibimos a máis andaluces e estremeños, que foxen das altas temperaturas que se rexistran nesas comunidades, como tamén cidadáns procedentes do centro do país: Madrid, Castela-A Mancha ou Castela-Léon.

Que milleiros de persoas pasen no verán por Ribadeo repercute na economía local, porque se aloxan aquí, almorzan, comen e cean nos restaurantes, toman o café, o aperitivo ou unha copa nas terrazas, mercan no noso comercio, fan uso dos talleres e das gasolineras, gozan das diferentes propostas turísticas ou gastan nos supermercados, nos que tamén traballan veciñas e veciños.

A valoración que facemos desde Acisa é moi positiva, a pesares das dificultades que moitos negocios tiveron para atopar persoal. A hostalería e o comercio de Ribadeo ofreceron a mellor cara para atender aos milleiros de persoas que nos visitan este verán.

• **Que campañas están por vir para o último trimestre do ano?**

O prato forte co que culminará o ano será a Festa do Comercio, pero antes temos uns meses intensos nos que haberá formación, gastronomía, campañas pensadas para fomentar as compras no noso comercio... Acisa non para. A súa directiva e o seu xerente traballan sen descanso para seguir dinamizando o comercio, a hostalería e os servizos, porque iso redundará de xeito positivo nos negocios e en Ribadeo. Como dicía ao inicio desta entrevista a Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo vai camiño de cumprir 35 anos. Conta con máis de 160 socias e socios. E iso é síntoma de que goza de moi boa saúde, ás veces hai algún achaque... pero coa menciña axeitada van pasando. E remato dicindo unha cousa: no 2024 toca celebración.

NAÚTICO
RESTAURANTE

PUERTO DEPORTIVO DE RIBADEO

PRODUCTO, TRADICIÓN Y BRASAS

617 637 950 www.nauticoribadeo.com



venta • horeca

DISTRIBUCIÓN DE BEBIDAS Y PRODUCTOS
GOURMET SELECCIONADOS

[A MARIÑA](https://www.a-mariña.com)

654 183 026

admin@ventahoreca.com



MARTA SAIZ

Concelleira de Turismo: «Seguiremos a traballar para consolidar un turismo de calidade baseado na sostibilidade e no bo facer»

• **Está a ser un verán de récord para Ribadeo, máis de 40.000 persoas pasaron pola oficina de turismo... Está totalmente recuperado o sector?**

Si, 40.284 persoas foron atendidas nas nosas instalacións. No caso concreto da oficina de turismo do centro da vila sufriu un incremento de máis de 1600 persoas só durante o mes de agosto, as autorizacións para baixar ao noso areal máis famoso completáronse case todos os días e os aloxamentos roldaron o 98% de ocupación. Estamos ante cifras similares, ou incluso mellores a antes da pandemia.

Con estes datos podemos afirmar que o turismo se recuperou e Ribadeo segue a ser un referente turístico na costa galega.

• **Hai uns días comentaba que Ribadeo cada vez tiña un turismo máis internacional...**

Con respecto ao turismo internacional, na oficina do centro representa un 7,08% do total das visitas, e un 15% no punto de información da praia das Catedrais. No mes de agosto utilizaron as prazas de tránsito do Real Club Náutico un total de 179 embarcacións, destes un 80% son estranxeiros. Polo tanto, si concluímos que; o Monumento Natural Praia das Catedrais, ao Camiño Norte de Santiago e ao porto deportivo, fannos cada día máis internacionais.

• **Que liñas ten marcadas canto á planificación turística?**

A curto prazo, contaremos cunha nova edición de SetembroXNatural, un programa de actividades relacionadas coa natureza. Preténdese con el darlle ó verán un peche de ouro, aproveitando este mes de transición para ofrecer actividades formativas e de ocio atractivas para a veciñanza e visitantes. As actividades, que terán lugar ao longo de todo o mes, van dirixidas a un público familiar, e inclúen desde concertos a visitas guiadas, pasando por danza e circo, conferencias, degustacións etc. Todos estes eventos, cos que esperamos sorprenden ao público asistente, serán anunciados nos próximos días por distintos medios.

Entre eles, queremos render nesta edición unha homenaxe ás nosas orixes, adicando tres xornadas a recordar e divulgar algo que marcou os pasos do que hoxe é Ribadeo, unha vila comercial e turística que soubo sacar proveito dos seus recursos naturais. Así, dentro do SetembroXNatural deste ano destacamos as actividades incluídas dentro de Baños de Mar e Froitos do Mar, que xiran arredor dalgún dos aproveitamentos máis importantes das augas mariñas que se fixeron no noso municipio. O mar como fonte de saúde e de vida, como xerador de recursos, como fío da

nosa historia e como orixe da nosa riqueza. O mar como protagonista e nós como actores responsables.

Baños de Mar recordará a figura das canouras, pioneiras do noso turismo, a través de conferencias e visitas guiadas sobre o poder curativo das augas e o uso que delas se facía na nosa vila. Complementarán estas xornadas diversos actos lúdicos e musicais e, como non, baños de mar colectivos.

Pola súa parte, Froitos do Mar levaranos a Rinlo, onde se ofrecerá unha visita guiada polo seu litoral desde a Cofradía ata as cetarias na que se destacará o mérito da vila de Rinlo, que desde as súas orixes como porto baleeiro e ata a actualidade, punto de referencia gastronómico polo seu percebe e a calidade dos seus restaurantes, sempre soubo aproveitar as bondades da súa costa.

• **E a longo prazo?**

A longo prazo seguiremos a traballar para consolidar un turismo de calidade baseado na sostibilidade e no bo facer. Temos moi claras as nosas fortalezas, mais tamén as pequenas debilidades que trataremos de mitigar paso a paso unha boa estratexia turística nestes catro anos, que nos guiará cara a desestacionalización e marca de calidade.

Foz · Ribadeo · Viveiro · Avilés

La Quinta
ASADOR RESTAURANTE

982 140 165
www.grupollanoponte.com

DESCUBRE RIBADEO
EN EL
TREN TURÍSTICO

@tren_turistico_ribadeo

SANBET
AGENCIA
ESPECTÁCULOS

CONTÁCTANOS
608 66 13 12

Sanbet Agencia @sanbet.agencia

698 16 16 31
gescomhosteleria@gmail.com

GESCOM
HOSTELERÍA GOURMET

Pulpería
MARIO
de Viveiro

FIESTAS DE LOS REMEDIOS
MONDOÑEDO

DEL 9 AL 11 SEPTIEMBRE

 /pulperíamariodeviveiro

@marioviveiropulpería 

www.grupopulperiamariodeviveiro.es

RODRÍGUEZ ANDINA

Pregoeiro en Ribadeo: «Entendo a política municipal como algo máis relacionado coa xestión que con discusións bizantinas»



José Carlos Rodríguez Andina (Ribadeo, 1952) será o encargado de ler o pregón das festas patronais da súa vila. Licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela, exerceu durante máis de trinta anos como docente. Agora, xa xubilado di non estar moi apegado á actualidade política de Ribadeo, onde foi alcalde polo Partido Popular desde 1995 ata 2003. Foi tamén vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Lugo e Xefe Territorial da Consellaría de Cultura e Turismo na provincia.

• **Que supón para vostede ser o pregoiro das festas patronais?**

En primeiro lugar, unha sorpresa. Para min, por suposto é unha honra, pero debo confesar tamén teño moitos nervios porque non é a miña especialidade.

• **Incluso coa experiencia que ten tanto no ensino como na política?**

Iso é certo, pero nada ten que ver. Son tres aspectos totalmente distintos. A ensinanza é o meu, son máis de 30 anos impartindo clase de matemáticas. A política tamén é diferente, analizante, pero doutro xeito. O pregón é algo moi especial para os ribadenses, entón hai que procurar facelo ben, de aí os nervios.

• **Ten experiencia lendo pregóns ou será a primeira vez? Pode adiantarnos algo do seu contido?**

Nada, non teño ningunha, será a primeira e a última vez [ri]. O pregón xa o teño preparado, estou relendo nel e case todos os días lle fago algunha pequena modificación. Non podo adiantar moito, pero fundamentalmente vaise basear en vivencias persoais relacionadas coa vila de Ribadeo e as súas festas patronais.

• **Como lembra a súa etapa na alcaldía?**

Pois lémbroa con satisfacción. Eu estiven oito anos e recórdoa con agrado porque fixemos moito traballo. Falo en plural porque tiñamos un magnífico equipo, cada un dos concelleiros traballou moito e moi ben para mellorar a vida dos ribadenses. Nese sentido, estou moi satisfeito.

• **Segue a actualidade política? Como ve Ribadeo co paso do tempo?**

Levo xa once anos xubilado, estou apegado exclusivamente á vida persoal, como un cidadán máis de Ribadeo. Vexo, observo as cousas que ocorren, pero como unha persoa individual, é dicir, sen ningunha análise política, sen ningunha conexión especial coa política.

Desde esa visión máis persoal, creo que este equipo que acaba de entrar a gobernar ten moitas ganas e, ademais, ten unha grande capacidade de traballo. Teño a esperanza de que se note este cambio no goberno municipal —teño a seguridade de que así vai ser— e que redunde no que debe ser o traballo dun Concello, isto é, mellorar a vida da xente, preocuparse polos seus problemas e xestionar. Eu entendo a política municipal como algo máis relacionado coa xestión que con discusións bizantinas.



SERIEO
GRAFIA

Tradición e Innovación desde 1990

Expertos en Textil 📌 Regalo Publicitario

SERIGRAFÍA TRADICIONAL, IMPRESIÓN DIRECTA, SUBLIMACIÓN, BORDADO, DTF E IMPRENTA.

653 51 48 38 | En Vilaselán | www.serigrafiaeo.com




saa
Garantía de calidad

CERTIFICACIÓN DEL SISTEMA DE GESTIÓN
SEGUNDA ISO 9001:2015 OHSAS 18001
EN ISO 14001:2015

- Albañilería: Reforma de Vivienda y Rehabilitación
- Obra Nueva
- Urbanizaciones, Parques y Jardines
- Movimientos de tierra y demoliciones
- Toda clase de Obra Pública

PÍDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO
DISPONEMOS DE OFICINA TÉCNICA ESPECIALIZADA

C/OCEA DE CASTRO | ENTRA. A APDO CORREOS 73 - 37700-POZ (LUGO) - Tel: 982 13 30 08 - Fax: 982 13 31 01 - www.ogjared.com



ORQUESTAS

O verán das 5.000 verbenas

As orquestras e outros grupos musicais están a vivir un “boom” que lembra tempos anteriores á pandemia. Para a axencia de espectáculos Sanbet «o volume de contratación subiu. Hai localidades nas que non se facía festa desde hai anos que volveron a celebrala este verán. Se non dá para unha orquestra, pois vai un dúo ou a formación que se poidan permitir. É unha tendencia que apareceu agora. Se antes había 4.000 festas en Galicia, agora falamos de 5.000».

As discotecas móbiles e os DJ's son espectáculos cada vez máis demandados:

«están verdadeiramente en auxe. En primeiro lugar porque economicamente funcionan, son formacións que custan pouco e sempre sae mellor que traer a un grupo aínda que sexa pequeno.

Outro dos factores que están detrás deste crecemento é a xuventude, pois prefire un DJ de certo nivel a outras formacións musicais. Ademais, os segundos pases das orquestras máis clásicas están a rematar moi cedo, algo que se intenta complementar coas discotecas móbiles e cos DJ's e así non acabar a festa á 1 da mañá».

Canto ás orquestras que actuarán nas festas patronais de Ribadeo, desde Sanbet explican que «a verdade é que a comisión de festas tratou de que este ano houbera unha verbena para todos os públicos: haberá grupos “de última xeración” como pode ser Assia ou o Grupo Bomba, orquestras clásicas de toda a vida como Los Españoles, Magos ou Marbella e discotecas móbiles como Level Show».

demasamadre

PANADEROS DESDE 1948

WWW.DEMASAMADRE1948.COM



SEIJO VEIGUELA
OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Tels. 676 762 434 - 686 465 525
sejoveiguelaobrasyservicios@gmail.com

C/. Empedrada, 30 - 4º B
33770 Vegadeo (Asturias)





Casi 1.000 socios forman el

REAL CLUB NAUTICO de Ribadeo

El club, con nuevo equipo directivo desde finales del pasado año, celebra el aumento de socios que iba a la baja en los últimos años

El Real Club Náutico de Ribadeo es una institución emblemática en la localidad de Ribadeo. Fundado en 1974, el club ha sido un punto de encuentro para los amantes de la navegación y los deportes acuáticos durante décadas. Se trata de uno de los clubes deportivos de la localidad con más socios adheridos, ya que después de unos años de pérdidas y falta de nuevos socios, se acerca ahora a los 1.000 socios. El presidente, Pablo Fernández Ferreyra, celebra esta cifra y asegura que "son noticias muy positivas para el club y para Ribadeo".

El club, que tiene más de 400 embarcaciones y

más de 600 amarres, ofrece amplios servicios a los socios. Desde la gasolinera hasta la lavandería, pasando por la grúa, mantenimiento de embarcaciones, venta de camping gas, recogida de basuras y, como una de las últimas incorporaciones, un punto de recogida de paquetes de Amazon, a disposición de cualquier persona que lo quiera utilizar. Además, en los últimos meses se ha reformado y ampliado el restaurante Náutico, haciendo que tenga una mayor capacidad y mejor servicio. "Desde la directiva trabajamos para seguir aumentando los servicios y mejorando las instalaciones del club", asegura Fernández Ferreyra.



“PVI responde, PVI está contigo”

Oficina Central Ribadeo
Praza da Música, 2 (Praza de España)
27700 Ribadeo
☎ 982 130 013
📘 fb.com/seguropablovizioso
🏠 www.pvi.es



Oficina Burela
Av. Arcadio Pardiñas, 152
27880 Burela
☎ 982 585 654

Oficina Lugo
Rúa do Camiño Real, 7
27004 Lugo
☎ 982 222 656

Oficina Viveiro
Benito Galcerán, 22
27850 Viveiro
☎ 982 551 464

TODO ES MEJOR CON BUENA GASTRONOMÍA

Y LAS FIESTAS, AÚN MÁS



Desde unos calamares en su tinta de la ría, hasta un buen pescado a la brasa, pasando por el tradicional cachopo asturiano o el sabroso churrasco, sin olvidarnos del pulpo a feira. Todo ello lo puedes disfrutar y saborear durante estas fiestas, en Ribadeo.



Cuando uno piensa en las fiestas de su pueblo, piensa en juntarse con los amigos y la familia, en los bailes delante de las orquestas, en reencontrarse con vecinos en "la hora del vermut",... Todo ello es parte fundamental de una fiesta, pero, sobre todo, en lo primero que piensa es en las comilonas que se dan durante esos días. Y si hablamos de comida, Ribadeo tiene mucho que ofrecer ya que su producto gastronómico destaca en muchos sentidos y su oferta de restauración es de alta calidad, tanto en sus propuestas como en el servicio.

La gran mayoría de restaurantes realiza platos tradicionales llenos de sabor y creados a base de productos de km0. Cualquiera de los locales de la villa pueden ser una buena opción para estas patronales, todo dependerá de las preferencias y del gusto personal del comensal.

Si algo destaca dentro de la gastronomía gallega

son sus carnes. La ternera gallega y el porco celta son algunos de los productos gastronómicos más apreciados dentro y fuera de sus fronteras. Por ello, en Ribadeo, existen varias opciones para disfrutar de la carne de calidad en diferentes preparaciones, como O Alén, que tiene en su carta varios platos hechos a base de carne gallega como el tradicional cachopo asturiano, hecho a base de ternera y queso gallego. La Quinta, uno de los restaurantes de la zona especializado en churrasco, una buena opción para disfrutar de este plato tan popular en la zona. Otra alternativa, si lo que se busca es comer carne a la brasa, es A Horta de San Roque que permite comer un chuletón de ternera o vaca gallega en una amplia y tranquila terraza.

Pero no todo es carne lo que se puede degustar en los restaurantes ribadenses, ya que el pescado y el marisco son dos de los reyes de sus cocinas. Los calamares de la ría, el bonito de Burela, la merluza del pincho o los deliciosos percebes son algunos de

los productos más demandados por los comensales. Y, para una experiencia completa, cualquiera de los restaurantes situados en el muelle de Porcillán son una buena opción. Como La Solana, que lleva 20 años preparando recetas con el mar como protagonista. O el Náutico, que destaca por sus pescados a la brasa y su ya famoso plato de huevos con bogavante. O, si lo que se busca es un buen arroz negro o con marisco, el Marinero puede ser la opción perfecta.





DEPORTES

Francisco José Silvent, concelleiro de Deportes: «Apostamos por traer grandes eventos para darlle visibilidade ao deporte»

Se botamos unha ollada á programación das festas patronais deste ano, o deporte xoga un papel primordial, con varias disciplinas deportivas representadas. Francisco José Silvent, concelleiro de Deportes, explicou que «apostamos por traer grandes eventos para darlle visibilidade ao deporte tamén nestas festas». Estes eventos comezaron o día 30 de agosto coa disputa do Trofeo Concello de Ribadeo-Festas Patronais 2023, que enfrontou ao Breogán e ao FC Porto. Para Silvent, o partido foi todo un éxito: «Houbo unha asistencia duns 800 espectadores, a maior parte desprazándose de Lugo. Foi un partido de gran nivel, xa que o Breogán vai xogar competición europea neste curso, pois clasificáronse para a Basketball Champions League (BCL)». Sen mudar de deporte, outro dos grandes atractivos foi ver en Ribadeo a tres clubs do máximo nivel no baloncesto español e continental: o Ensino, o Araski e o Perfumerías Avenida: «Para nós era importante darlle a máxima visibilidade posible ao deporte feminino, e contar con equipos como o Perfumerías, que foi campión da Euroliga e conta no seu palmarés con oito títulos ligueiros, é moi positivo».

Outra das actividades deportivas inseridas no

marco das festas tivo lugar o sábado, 2 de setembro, coa celebración do Aberto de Billarda Festas Patronais. Para Silvent «é unha maneira de conectar a xente moza con deportes tradicionais. Viñeron arredor de 30 xogadores, a maioría de concellos limítrofes».

Un evento deportivo que se recuperou este ano tras a pandemia foi o Día da Bicicleta, no que os asistentes percorreron as rúas do casco urbano ribadense, con saída e meta no Concello pasando polo faro da Illa Pancha: «Houbo aproximadamente 200 participantes, a gran maioría dos ciclistas foron menores de 12 anos, acompañados por un bo número de espectadores e rodeados dun ambiente inmejorable».

O fútbol porá o ramo aos festexos, pois o Ribadeo FC pechará as patronais no que será o partido de presentación ante a súa afección. Enfrontarase no Trofeo Festas Patronais á SDC Residencia o día 11 de setembro ás 18 h no Pepe Barrera nun encontro correspondente á primeira xornada dunha liga na que intentarán buscar o ascenso despois dunha gran renovación no seu cadro de xogadores.

maya estética

982 12 85 31

Alimentación
PANTA

AGENTES DE: **MARSHALL** **rio** **M. NY** **ManoMano**

LA TIENDA

24 HORAS - BURELA
Avda. Arceada Pavilón, 104 B
panta@ergonpanta.com

CUBERS
La marca del hielo

689 555 048
982 575 095

A MIRANDILLA
RESTAURANTE

COCINA TRADICIONAL ESPECIALIZADA EN ARROCES, PESCADOS Y MARISCOS DE NUESTRA ZONA.

Av. Ribadeo, 5, 27715 Rinlo, Lugo 982 12 31 00

Manteleiro
muebles & sueños

RIBADEO, VEGADEO Y LUARCA

644 07 56 26